

Melloras e novidades no claustro do Museo Provincial de Lugo

Aurelia Balseiro García
Enrique J. Alcorta Irastorza

Resumo: o obxectivo principal deste artigo é dar a coñecer as melloras realizadas no claustro do convento de San Francisco (sede do Museo Provincial de Lugo) como consecuencia do plan de actuación que se executou no ano 2011, así como os novos elementos que apareceron durante as actuacións, arco e signos lapidarios, que achan novos datos sobre a historia do antigo cenobio.

***Resumen:** El objetivo principal de este artículo es dar a conocer las mejoras realizadas en el claustro del convento de San Francisco (sede del Museo Provincial de Lugo) como consecuencia del plan de actuación que se ejecutó en el año 2011, así como los nuevos elementos aparecidos durante las actuaciones, arcos y signos lapidarios, que proporcionan nuevos datos sobre la historia del antiguo cenobio.*

***Abstrac:** The main objective of this article is to present the improvements made to the cloister at the convent of San Francisco (site of the Provincial Museum of Lugo) as part of the action plan undertaken in 2011, as well as the new elements that were discovered during the actions –arch and memorial stone symbols–, which offer new data on the history of the old monastery.*

Palabras clave: Claustro, convento de San Francisco, signos lapidarios, arco, epigrafía, museo.

1. Introducción. Breves apuntamentos históricos, construtivos e artísticos

De principio, consideramos que non é este o momento nin o tema para unha estensa descripción do conxunto conservado do convento franciscano (igrexa, cociña, refectorio e claustro, integrantes, estes tres últimos das dependencias do Museo Provincial de Lugo desde 1957), xa que existen diversos estudios e monografías sobre o tema, remitindo para o caso ao interesado á bibliografía final. Con todo, cremos convenientes algunas notas introductorias sobre o conxunto e, de maneira particular, sobre o claustro, ámbito espacial da actuación de mellora.

Polo demais, o complexo museístico edificado queda enmarcado, en dirección E, polo Mercado Municipal con saída á rúa Quiroga Ballesteros; ao sur pola praza da Soidade e ao oeste pola rúa Nova. O flanco setentrional péchase contra os xardíns e hortas traseiras de diversas edificacións particulares (figs. 1, 2).

A orixe desta fundación conventual sitúase tradicionalmente no século XIII, como sucesora dunha primitiva casa franciscana situada na parroquia de Labio, nos arredores de Lugo, fundada en 1214 polo mesmo san Francisco ao regreso da súa peregrinación a Santiago de Compostela, áinda que debemos esperar até 1285 para dispoñermos das primeiras noticias documentadas.

Aquela primitiva comunidade trasladaríase ao emprazamento actual no século XIV. Non obstante, as obras da igrexa prolónganse durante moito tempo, xa que até 1510 non se remata a construcción da nave principal. Outros fitos, brevemente enumerados, serán o incendio de 1638, o saqueo polas tropas napoleónicas de 1809, a súa desamortización e abandono en 1837, a súa transformación en igrexa parroquial baixo a advocación de san Pedro en 1918, a súa conversión en Casa de Beneficencia e, finalmente, a súa transformación, tras as correspondentes obras de adaptación, na sede do Museo Provincial de Lugo, en 1957, integrando nas súas dependencias o refectorio e cociña barrocos (salas 1 e 2 do Museo, respectivamente) e o claustro románico (sala 3) (fig. 3).

Partindo, segundo quere a tradición, dunha primitiva edificación en planta de cruz grega, a parroquial actual presenta planta en tau, con nave única, transepto e tripla cabeceira, orientándose en sentido E-W. As dimensións son duns 50 m de longo por 30 de anchura. A anchura da nave principal e o transepto, así como a profundidade da capela maior rolda os oito metros. Esta última presenta planta hexagonal mentres que é pentagonal nas absidiolas laterais, con esquinais reforzados por contrafortes en todos os casos que serven de contrarresto aos empuxes das cubertas nervadas que coroan esta cabeceira. O resto da fábrica péchase con cuberta de madeira, destacando o magnífico artesado de influencia mudéjar, de armadura octogonal, que engalana o cruceiro. As cubertas son a dúas augas, agás no cruceiro no que se alza un ciborio a catro augas.

A fachada occidental, -a principal-, é de perpiaños e atópase reforzada nos extremos por contrafortes graduados organizados en tres seccións separadas por cadanxo tellado. Na fronte, e resaltada sobre un pequeno enmarque, ábrese a porta principal derramada cara ao exterior, mediante un arco levemente apuntado conformado por dobre arquivolta moldurada, soportadas sobre columnas en ángulo sobre peña corrida.

Motivos xeométricos e vexetais ornan os capiteis e as arquivoltas. Sobre a porta, e alumeados a nave principal, álzase unha gran ventá górica organizada en tres seccións e con tímpano trilobulado que se proxecta en altura desde o coro ata alcanzar, pola parte superior, case até o coroamento da cumieira do frontispicio da fachada. Unha torre engadida oculta o lateral NW da fachada.

En canto ao resto das luces, a cabeceira está iluminada por altas ventás de traza górica, en aximez, organizadas en dous corpos de amplio desenvolvemento as da capela maior e cun único corpo as das capelas laterais. As vidreiras son de época moderna. Pola súa banda, o transepto está iluminado na actualidade por dous grandes rosetóns

de calado góticu e con enmarque a dobre derramo, profusamente decorados con temas xeométricos. Outras ventás, de pequenas dimensións e a xeito de sinxelos lucernarios, proporcionanllas luces ao ciborio cuadrangular do cruceiro. Outras ventás, algunas de tipoloxía górica e decoradas con chambranas e outras de sinxelo marco cuadrangular, perforan o muro meridional da nave maior: vanos que na actualidade quedaron parcialmente cegados polo engadido da capela da Soidade, pertencente á Venerable Orde Terceira, polo seu lado sur.

1.2. O claustro conventual de San Francisco de Lugo.

En canto ao claustro, remarquemos, en primeiro lugar, que constitúe un dos escasos exemplos de claustros medievais franciscanos conservados en España. Na actualidade configura, como queda anotado, a sala 3 do Museo Provincial de Lugo.

Aínda que de traza e decoración plenamente románicas, véñense datando en pleno século XV, imperando xa o góticu, a teor da transcripción de dúas placas epigrafadas situadas respectivamente nos machóns angulares S e E que nos remiten ao ano 1470, coa seguintes lecturas de don Jaime Delgado: ANO DO(mi)NI M / CCCCL XX ROY / LOPZ LICº MANDO FAZ ESTOS / MARCOS e a segunda: ANO DE MILL CCC- CLXX / ESTA OBRA COMENCO (z) FREI / RODERICO DE (AGUIAR I LUACES).

Construtivamente, que é o aspecto que agora nos interesa resaltar fronte ao exclusivamente artístico, compón unha planta inscrita nun cadrado imperfecto (fig. 4), coas seguintes coordenadas UTM: Esquinal SE = X - 617572 / Y - 4763335 - Esquinal SW = X - 617591 / Y - 4763341 - Esquinal NE = X - 617578 / Y - 4763318 - Esquinal SE = YX - 617597 / Y - 4763324. Presenta diferentes medidas de lonxitudes nas súas catro caras: internas, 21,80 m (N) / 21,95 m (S) / 20,10 m (E) / 20,90 m (W) – Externas, dos paramentos de pechadura: 28,30 m (dos cales, 7,90 corresponden ao acceso á sala capitular), polo N / 27,80 m (S) / 26,90 (E) / 27,80 m (W), presentando, ademais, un lixeira finta a medio percorrido do aliñamento na coxia/ corredor setentrional¹.

A anchura do corredor, entendendo por tal o espazo entre o muro corrido da arcada e as caras murarias que delimitan o ámbito, rolda os 3,10 m, con escasas oscilacións². Nas esquinas dispónense cadansúa escuadra de fábrica de perpiaños, a modo de machóns. Os correspondentes aos ángulos NW, NE e SE, parecen responder a un mesmo patrón construtivo a teor da similitude das súas dimensións, de 1,28 en cada unha das súas caras: os correspondentes ao ángulo SW presentan dimensións más diferenciadas, de 1,15 (lado W) e de 2,10 (lado S) (fig. 5).

¹ Os laterais S, E e W están relativamente ben escuadrados. Pola súa banda, o lateral N presenta un dobre trazado. Así, o segmento comprendido entre o paso de acceso ao xardín e o extremo NW está escuadrado cos restantes elementos. O segundo segmento entre o citado paso e o esquinal NE está desviado, compensándose, deste xeito, a diferenza de 70 cm na lonxitude total de ambas as dúas paredes.

² Esta medida conservase no lateral S, até o saliente dos contrafortes da igrexa, alcanzando os 3,70 / 3,75 á correspondente parede.

Pola súa banda, a pechadura interior definéna as diferentes coxías románicas conformadas por tres grupos de arcadas por cada lado, tamén estas ternarias. Cada unha das series atópase definida por columnas pareadas, 72 en total, exentas as dos arcos centrais e apegadas as laterais, compostas por diversos elementos:

a) Bases cuadrangulares. Compostas por plinto coroado por dous resalte circulares sobre os que se apean directamente as columnas. As súas medidas repítense case sen variación: 54 cm de longo, por 30 de anchura e 27 de altura. A teor disto, as bases constitúen paralelepípedos rectangulares cuxa altura resulta ser a metade da súa altura. En canto ás apoiaos aos correspondentes machóns intercolumnares, as súas dimensións son as seguintes: 54 cm de lonxitude, 22 de anchura e 27 de altura.

b) Fustes monolíticos duns 15 cm de diámetro pero con alturas diferentes. Así, mentres nos laterais N, W e metade SW presentan un desenvolvemento que se sitúa nos 1,05 m como media, os correspondentes ao segundo tramo do lateral S (SE) e coxía E, miden entre 110 / 115 cm. Mais adiante volveremos sobre estas medidas.

c) Capiteis dobres unidos. De xeito case constante presentan unha altura de entre 35 e 40 cm. En canto á súa anchura non supera os 72 cm, é dicir, a correspondente ao ancho do muro corrido. En canto á decoración predominan os temas vexetais estilizados, especialmente as derivacións da folla de acanto clásica, percibíndose tamén trazas xeométricas, zoomórficas e antropomórficas, aínda que escasas destes últimos. (Cabarcos Fernández, I; 2005).

d) Ábaco de enlace co cimacio, de apenas 2 cm de altura, mentres que as súas anchuras, de 30 cm. e a súa profundidade, de 54 cm, reproducen as dimensións das bases.

d) Cimacios. Moldurados e duns 17 cm de altura e cun voo de 10 cm con relación á vertical da cara externa dos capiteis.

e) Arcos: destes cimacios parten os arcos de medio punto moldurados, con tres arquivoltas, máis grande e sobresaliente a central, separadas por profundos cavetos, igualmente traballados en granito, con despezamento de doelas bastante regular.

f) Columniñas. Dispostas sobre os cimacios e á altura do encontro das respectivas arcadas, álzase pequenas columniñas de fuste cuadrangular en chafrán, con bases e capiteis troncocónicos de sinxela traza, carentes de valor estrutural. Álzase 40 cm, distribuídos en 8 para o capitell e base respectivos e 24 para o fuste, cunha anchura este último de 10 cm. Os baseamentos destas columniñas resólvense nunha sucesión de resalte, touros e escocias, mentres que os vasos dos capiteis, presentan traza troncocónica, con ángulos en chafrán, ornamentándose con variedade de motivos vexetais e xeométricos.

En resumo, a altura total dos elementos soportantes ascende a 1,90 m, cunha altura do arco de 2,65 m, desde a cota superficial do topete granítico que coroa o muro corrido, até o intradorso da clave do arco.

Unha cuestión para resaltar neste tramo final da descripción do claustro é a variación de medidas, en canto á súa anchura, das diferentes series ternarias de arcadas que componen cada un dos laterais, variacións reflectidas no cadro que se achega, comezando o percorrido polo esquinal NW da coxía norte e seguindo no sentido das agullas do reloxo.

ARCADAS	Van 1	Van 2	Van 3 (en cm.)
Norte 1	124	134	126
Norte 2	214	134	212
Norte 3	140	213	138
Leste 1	140	140	138
Leste 2	140	137	138
Leste 3	138	138	140
Sur 1	142	140	136
Sur 2	140	139	142
Sur 3	167	166	167
Oeste 1	172	169	168
Oeste 2	162	166	164
Oeste 3	112	118	110

Este resumo suxírenos algúns comentarios. Primeiro que, con todo, creemos, que malia á súa variación, os diferentes módulos sinalados podían relacionarse, de xeito aproximado, coa vara castelá de 0,835 cm, ou más concretamente, co pé de 27,86 cm empregados, segundo entendemos, como módulos básico de medición na construcción deste claustro e mesmo da igrexa³. É de destacar que a sucesión de arcadas na coxía E presenta unha grande harmonía en canto ás lonxitudes dos correspondentes vans, mentres que os restantes laterais presentan variacións evidentes nos tres grupos que conforman as respectivas series de arcadas⁴.

Todas estas variacións, tanto en lonxitudes xerais do claustro como separacións entre baseamentos/columnas, implican as correspondentes distorsións na proporcionalidade e no efecto visual da traza xeral das arcadas: “anomalías” que se tratan de corrixir dotando os fustes de diferente lonxitude, entre 105 e 115 cm, e/ou rebaixando lixeiramente os arcos⁵, sen chegar con todo ao enmascaramento completo das “desviacións”.

³ En tal sentido, cabe apuntar que o repetido modulo de 1,40 equivale de maneira aproximada a 5 pés, a profundidade do baseamento (54 cm) a 2 pés e a anchura do peitoril (72 cm) a 2,5 pés. Trátase dunha hipótese que aquí nos limitamos a sinalar e que sen dúbida require dun estudio máis profundo.

⁴ Así, na N o, primeiro grupo presenta vans con dimensións lixeiramente desviadas, á baixa desta medida estándar. A súa vez, os tres arcos que conforman o grupo central presentan, pola contra, unha ampla desviación á alza, xa que pasan por escasos centímetros dos dous metros, circunstancia que converte este grupo de arcadas no de maiores dimensións do conxunto. Finalmente, no último dos grupos, xa en contacto co esquinal NE, volvemos observar dimensións que se sitúan, con escasas variantes, ao redor dese media de 1,40 m.

⁵ É o caso da arcada central do corredor setentrional. Nesta ocasión, a distancia entre baseamentos oscila entre os 210/214 cm. Pola contra, este mesmo módulo nas arcadas de flanqueo mide 128 e 140, de media, cunha notable diferenza de luces.

2. Plan de actuación

Co gallo do oitenta aniversario da declaración como Ben de Interese Cultural⁶ do convento de San Francisco, realizouse durante o pasado ano unha ampla e variada programación cultural ao respecto para celebrar esta efeméride. Ademais dende a dirección do MPL propúxose un plan de actuación sobre o claustro do antigo cenobio, aprobado e impulsado pola ÁREA de Cultura da Deputación de Lugo de quen depende esta institución museística.

Desde o ano 1957 cando se traslada o Museo Provincial de Lugo ás dependencias do convento de San Francisco, xa se expoñen no claustro unha serie de obras pétreas antigas⁷. Esta primeira mostra foise incrementando co paso do tempo para chegar finalmente a acoller as coleccións de reloxos de sol, epigrafía, heráldica, elementos arquitectónicos varios, sartegos, laudas sepulcráis, esculturas e outras pezas de diferentes épocas. En concreto, na galería obxecto do plan de actuación, localizábase sobre todo a epigrafía romana, pero tamén heráldica e outras pezas medievais que, como consecuencia das intervencións realizadas recentemente, foi necesario redistribuír e expoñer con outros criterios museográficos de xeito que se variou o proxecto expositivo⁸, dando como resultado un espazo específico na sala capitular que alberga as dúas placas fundacionais de Paulo Fabio Máximo, estelas anepigráficas e aras con dedicacións de deuses indíxenas e lares viais. Por outra banda, no paramento leste procedeuse a unha nova localización da epigrafía, que se presenta de igual xeito pero cunha nova disposición en función de criterios espaciais, temáticos e cronolóxicos.

A principal motivación desta intervención baseouse nos informes técnicos correspondentes que amosaban patoloxías como os constantes problemas detectados de manchas de humidade, ben por filtracións ou por capilaridade, que producían riscos para as pezas expostas, sobre todo as encaixadas no propio muro, con danos por erosións varias e incluso escamaduras e fisuras, ao que hai que engadirlle a oxidación dos elementos metálicos que as soportan e o afundimento do pavimento.

Estas circunstancias, incrementadas nos últimos anos e referidas sobre todo ás humidades que afectaban especialmente ao lenzo oriental do claustro, provocaban descasca-

⁶ En 1931 foi declarado Monumento Histórico-artístico (logo pasaría a denominarse BIC), pertencente ao Tesouro Artístico Nacional, mediante Decreto do daquela Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes e publicado como tal na *Gaceta de Madrid* do xoves catro de xuño de 1931, páxina 1183, coa denominación de "San Francisco de Lugo" xunto con outros monumentos representativos da provincia como a catedral de Lugo, Santa Eulalia de Bóveda, as termas romanas, Santa María de Meira, San Xoán de Portomarín, San Salvador de Vilar de Donas, San Paio de Diomondi, Santo Estevo de Ribas de Miño e San Martiño de Mondóñedo. Previamente (en 1926) xa aparece como merecedor de ser proposto no *Boletín de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando* do 30-IX-1926, ano XX, n.º 79; e na súa memoria de traballo de 1931 tamén se reflicte o nomeamento (páx.44).

⁷ Vid. ARRIBAS ARIAS, F.; "Galería fotográfica do claustro de San Francisco" en VV. AA., *O claustro franciscano do Museo Provincial de Lugo*. MPL. 2011 páxs. 167-217.

⁸ Este traballo realizouno o Departamento de Arqueoloxía e Historia do MPL (Ofelia Carnero e Enrique Alcorta).

duras contínuas na pintura e danos nas pezas expostas en contacto directo co devandito muro e fixo necesario e urgente a proposta de intervención parcial.

A realización deste plan abrangueu dous proxectos concretos⁹ e un terceiro como consecuencia e resultado dos primeiros:

1. O desincrastado das pezas, apegadas probablemente a mediados do século XX, pero sen constancia documental explícita do feito, na medianeira oriental do claustro por mor do perigo de conservación que supoñían as constantes filtracións e humidades da parede.

2. A propia restauración do lenzo interior e o seu acondicionamento despois da extracción das pezas.

3. A restauración¹⁰ e limpeza das obras expostas e a súa posterior exposición museográfica permanente.

Na primeira fase aproveitamos a extracción das pezas epigráficas para restauralas e facer a respectiva provisión de información, que non se conservaba, sobre medidas e envergadura. No que respecta ao muro puidose apreciar a zapata, que parece pertencer á cimentación do edificio co que linda o Museo pola rúa Quiroga Ballesteros, como despois indicaremos e visualizáronse claramente as filtracións de auga que lles afectan ao muro e ao pavimento.

Unha vez realizada a primeira fase e retiradas as pezas da parte superior do muro, procedeuse ao segundo proxecto do plan de actuación que consistiu, en principio, no estudio previo da situación para establecer a intervención máis axeitada á natureza do problema, propoñéndose finalmente o recheo con cachotaría de acabado similar ao resto da parede, para os ocos deixados pola extracción e o picado de toda a medianeira para o posterior lucido e acabado. A empresa encargada dos traballos utilizou un sistema de revocaduras de morteiros puzolánicos permeables interiores, seguido dun sistema de respiración mediante canles abertas no morteiro e, finalmente, novas capas de morteiros hidrófugos na capa vista, rematada por diversas mans de pintura branca ao cal (Fig. 6).

3. Resultados das actuacións e aparición de novos elementos: arco e signos lapidarios

Definidos os elementos e etapas básicas da actuación neste apartado, toca agora perfilar, aínda que sexa de xeito sucinto, os seus resultados histórico-arqueolóxicos e, de xeito particular, a cuestión do arco e dos signos lapidarios que apareceron no seu transcurso.

Entramos, xa que logo, en materia: a actuación de saneamento e mellora realizada na banda oriental do claustro onde se custodia a colección de epigrafía romana. Ámbito e colección que como queda indicado se prolongan e continúan na anexa Sala Capitular, parcialmente conservada.

⁹ Ambos os dous proxectos foron informados favorablemente pola Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Lugo e realizados pola empresa RESCONSA (Restauraciones y Construcciones, S.A.) de Lugo.

¹⁰ Esta parte do traballo correspondeulle ao Departamento de Restauración do MPL (Blanca Besteiro)

Atopabámonos, neste caso, fronte a un paramento corrido, sen a presenza de portas ou accesos, como ocorre nas restantes coxías, de 26,90 m de lonxitude por 4,60 de altura, cunha superficie de actuación aproximada duns 125 m². No momento previo á actuación, aparecen encaixados no pano unha quincena de exemplares epigráficos romanos, así como un escudo de armas barroco, xunto con tres epígrafes medievais suxeitos con grampas de ferros, como indicabamos en liñas anteriores.

Este paramento apóiasi, pola súa cara posterior, en tres elementos construtivos cujas fachadas se abren cara á rúa Quiroga Ballesteros. Polo lado meridional constitúe a pechadura muraria do brazo correspondente do transepto da igrexa de San Pedro, así como, un pouco máis ao N, da actual e minguada sancristía. O tramo restante coincide coa traseira do Mercado municipal e, máis ben, cos seus servizos (figs. 2, 3, 4). Un detalle para ter en conta é a diferenza de cota entre a citada rúa e o claustro.

Así, o seu xardín álzase a 456,69 msnm, mentres que o pavimento do citado mercado está situado a 458,76 msnm: é dicir, media unha diferenza de altura de ao redor de 2 m¹¹, circunstancia que facilitaba, a través dos recheos de asento do mercado, especialmente no tramo setentrional, o posibel fluxo de humidades por capilaridade e transvase, ocasionando graves patoloxías de afectación directa sobre a parede, á vez que comprometía a correcta conservación dalgúnhas das pezas epigráficas alí expostas, con especial referencia aos exemplares encaixados nela, segundo a disposición museográfica adoptada en 1957. Iso sen mencionar o deplorábel efecto estético.

Con estas premisas de partida, e para iniciar a obra, a primeira actuación que se desenvolveu foi a retirada do recebo de cemento que recubría o paramento, operación que se realizou substancialmente mediante medios manuais, a base de punteiro, con auxilio ocasional dos medios mecánicos.

Ao quedar desposuído deste acabado puido contemplarse na súa integridade o lenzo oculto, que se organizaba en tres zonas ou sectores diferentes, a modo de transvases murarios das edificacións situadas no seu extradorso, brevemente descritos en liñas anteriores. En primeiro lugar, o tramo próximo á sala capitular, a setentrión, e o máis afectado polas humidades, tiña unha lonxitude aproximada duns 12 m co seu remate imbricado, polo outro lado, no segundo tramo de parede. Este, cuns dous metros de desenvolvemento, podía relacionarse coa sancristía traseira. Finalmente, os 12 m restantes constituirían, como vimos repetindo, a pechadura do brazo do transepto (fig. 7).

¹¹ A cuestión dos declives e gradientes debeu constituir un dos factores primordiais na elección deste outeiro amesetado mesopotámico como emprazamento da cidade romana, especialmente dado que aqueles facilitaban certas bondades de cara ao máximo aproveitamento da insolación, así como do fluxo dos diferentes sistemas hidráulicos de distribución e evacuación. As rúas San Marcos, parte superior da praza de Santo Domingo, Raíña e Campo Castelo sinalan unha dorsal con dobre vertente cara ao E e o W. Estes declives fanse evidentes se comparanmos a cota da devandita parte superior de Santo Domingo, 462,28 msnm e a do chan en Porta Miñá, 441,31 (case 21 metros nunha distancia duns 400 m, cunha declinación de 5 por cada 100 m. A correspondente á praza da Soidade, na que se sitúa o conxunto conventual e o museo, é de 455,40 msnm.

No primeiro sector, atopámonos con tres zapatas de apeo de perfil gradual en chanzos, cargantes de cadanxe piar de sustentación, todo traballado en duro cemento mesturado con coios e reforzado por ferralla de ferro doce sen corruigar. Entre estes elementos de carga e sustentación intercalábanse catro lenzos (dous intercalados, o que se proxecta contra a sala capitular e o que enlaza con segundo sector), definidos por grandes pezas de lousa, de cor gris escura, de consistencia dura, tomadas con morteiro/cemento bastardo.

Esta disposición ascendía, desde o nivel do chan actual, até os 2,20 m aproximadamente, percibíndose a esta altura unha especie de fiadas de horizontalización de pezas de lousa de gran tamaño, coincidentes en altura cos arranques dos devanditos piarezos, liña que indicaría a cota do chan do mercado e, por descontado, a diferenza de cota entre este e a do chan do claustro. Finalmente, desde estas fiadas até o teito do claustro, continúase cun novo sector de lenzo, alzado agora con pezas lixeiramente más pequenas.

Elementos de soporte e lenzos ensamblábanse perfectamente, denotando a súa coetaneidade. Pero parécenos máis importante o feito de que toda esta estrutura se asome polo lado do claustro, quedando perfectamente delimitada por esta parte, o que implicaría que, no momento do seu alzado, a parede claustral existente debeu ser suprimida para os efectos, tanto no piso baixo como, probablemente, no alto. Así as cousas, más que diante dunha medianeira, estamos ante unha parede completa que probablemente fixo desaparecer a precedente.

En canto ao segundo tramo, antes que un sector individualizado, cabe definilo máis apropiadamente como o punto de conexión entre a fábrica nova, asociada á obra do mercado, e a parte vella, é dicir, o muro de pechadura da sancristía. Como punto de conexión que é atopámonos ante un pano de cachotaría de pezas de lousa de diferentes tamaños con unións irregulares.

Deste xeito chegamos ao último dos tramos, o que nos interesa. Nel diferéncianse tres elementos: o contraforte esquinal (é dicir, a súa parte visíbel), o muro de pechadura do transepto deste lado e, inserido neste, os restos do enmarque granítico dun arco (fig. 8).

3.1. Contraforte esquinal

Os contrafortes da igrexa resaltan visiblemente na banda meridional do claustro, tanto no piso baixo como no alto do Museo incluído o esquinal que reforza o encontro da nave maior co brazo de transepto deste lado, sobre o que se apoian unha serie de perpiaños, con evidentes marcas de acabado a escoda, que conectan co correspondente paramento. Aínda que independentes, semellan formar unha unidade con este, debido a que, aínda que diferentes en lonxitude, con oscilacións de entre os 40 e 110 cm, repiten a altura do perpiaño correspondente do contraforte no que se apoian. Coa operación de limpeza, estes perpiaños que permanecían ocultos baixo o recebo de cemento, saíron á luz. En total son 16: dous deles lixeiramente más anchos axústanse á banqueta inferior de apeo e o resto ao propio contraforte. No remate dos perpiaños 7, 10, 12 e 14, contados desde abaixo, dispónse cadanxe machinal cuadrangular, duns 20 cm de lado, cegados con pequenas laxes de lousa o primeiro e con restos de ladrillos macizos os restantes. Dos signos lapidarios, –inéditos–, patentes nestes perpiaños, trataremos nun apartado posterior, continuando neste coa descripción muraria.

3.2. Brazo do transepto

A pechadura do brazo do transepto, continuación destes perpiños, defínese construtivamente como un paramento de laxes de lousa de cor gris medio con vetas marróns, a base de cachotes de tamaño pequeno / mediano, con lonxitudes inferiores aos 40 cm e alturas que roldan os 5 / 7 cm, tomados cun morteiro esbrancuxado bastante areoso. Neste caso non se percibe a fiada de nivelación que caracteriza o primeiro tramo, formando, xa que logo, un pano continuo que se prolonga, aproximadamente, 11/12 m, como xa se indicou.

3.3. Arco inserido

Dentro deste pano, co seu eixe a uns 5 m de distancia con respecto ao contraforte, consérvase un arco, ou por falar con maior propiedade, o seu enmarque superior ou alfices, con apertura, no seu estado actual, duns 5 m, quedando situado o perpiño do cume a uns 4 m de altura¹². Engadamos que no extremo dalgúns destes perpiños aparecen, como no caso dos situados na esquina, machinais cegados por ladrillos ou cachotaría de lousa.

As pezas presentan os mesmos módulos, o remate a escoda e a mesma apariencia mineralóxica que os observados na obra dos contrafortes. Algunhas das pezas superiores presentan fisuras verticais ou levemente oblicuas, ao vencer o enmarque cara ao interior debido á supresión, no seu momento, do arco que sustentaban as cargas. En tal sentido, lembramos que fronte á disposición horizontal xeral desta pezas, albíscase, coincidindo co eixe central do enmarque, un oco vertical e de escasa anchura, que ben pudo corresponder no seu momento á clave do arco desaparecido.

E cómpre sinalar tamén que nalgúnhas xuntas conserváñanse restos dun encintado branco, de notábel anchura que se superpon aos bordos das pezas, con remates en oblicuo nos extremos.

Conserva tamén os respectivos saimeis, pero non as xambas, das que, con todo, podían ser testemuñas doux perpiños aliñados baixo o tramo esquierdo do arco. Os extremos internos destes saimeis, traballados en pezas de notábel lonxitude, aparecen encaixados no lenzo de cachotaría a modo de chaves pasantes. Polo demais, presentaban un cimacio ou ábaco voadoo no seu coroamento, que picaron para suprimilo, deixando a pano a súa superficie co resto da parede. Na parte inferior ainda se conservan restos de lucido de cor negra (fig. 9, 10).

O oco resultante, o vano da porta, e para suplir as diversas extraccións, encheuse mediante un compactado informe que, cara ao exterior, remata nun paramento de pequenas pezas de lousa de unión irregular, tomadas con liga de arxila (fig. 8).

O que antecede permítenos dúas anotacións polo menos. En primeiro lugar, a contemporaneidade/ simultaneidade dos perpiños esquinais, do muro conservado e do arco, que pertencerían á fábrica xeral conventual, concretamente ao brazo do

transepto setentrional¹³. En segunda instancia que o arco permitiría o acceso á igrexa desde o claustro procesional, facilitando as prácticas relixiosas da comunidade franciscana que habitaba no seu momento o convento.

Pero tamén suxire outras e non menores cuestións. Este acceso inferior debe ser asociado á fiestra gótica xeminada con chambrá de temas vexetais cuadrifolios resaltados apoiada sobre ménsulas con tema vexetal e cabeza cortada á esquerda e motivo heráldico á dereita, que se atopa no piso superior (sala 9 - Arqueoloxía). E iso tendo en conta que os seus eixes lonxitudinais coinciden, ambos os dous a 5 m do contrafurte esquinal, e que a súa disposición repite a que se pode observar na fachada principal da igrexa.

Polo demais, algúns elementos de transmisión oral apuntan a que este mesmo esquema de porta inferior e ventá alargada superior se repite, tamén, no outro brazo do transepto, o meridional, no que se apoia no conxunto barroco da capela da Soledade, con comunicación na actualidade a través dunha portiña que ben podía ocupar o lugar dunha porta primitiva.

Deste xeito, teríamos que as tres fachadas que miran cara ao occidente, a principal e as laterais do transepto, repetirían o mesmo esquema estrutural¹⁴: un pano dobremente perforado por unha porta na parte inferior e unha ventá no sector superior, abundando os exemplos de conventos franciscanos con esta ou similar disposición.

Unha segunda cuestión. Na súa orixe, porta e ventá aliñadas, estarían centradas con relación ao brazo do transepto. Con todo aparecen descentradas. Non é culpa súa, xa que se acurtou o brazo en 1,5 m aproximadamente, para lle deixar paso á angosta sancristía. Esta obra, que nos parece o “parto dos montes” pola cantidade e calidade de elementos suprimidos ou trasladados para tan minguado resultado como é a creación da pequena sancristía, supuxo a supresión dos contrafortes esquinais e laterais, o traslado do rosetón e o realzado, ex novo, da parede, recuberta na actualidade de cemento.

E unha terceira cuestión: en que momento perdeu a súa utilidade e cando foi suprimido? Cremos que pudo ser ao redor de finais do século XV ou principios do XVI, dado que, como queda indicado, en 1510 é cando se remata a nave maior. Neste momento abriríase un novo acceso, con elementos renacentistas, no paramento meridional do claustro, á altura do primeiro tramo da nave maior da igrexa¹⁵.

Sexa como e cando for, este paso foi inutilizado. Parece evidente que arrincaron as pezas das doelas, así como as correspondentes ás xambas e que se procedeu igualmente a recortar os voados dos saimeis. A razón pola que as arrincan e a onde

¹³ O arco non se transvasa á igrexa, aínda que probablemente poderíamos localizar o oco baixo o recebo de imitación de perpiño que na actualidade recobre todo o interior do edificio.

¹⁴ As diferenzas serían a menor escala das laterais, ventás en aximez fronte á tripartita da fachada principal e que nesta os elementos se embuten en fábrica de perpiños mentres que os restantes están encaixados na fábrica xeral de lousa.

¹⁵ Este paso conservase na actualidade, aínda que reconvertido nunha ínfima capela dedicada á Virxe da Soledade. Oco que, pola parte da igrexa, está decorado cunha dobre arquivolta gótica moldurada sobre imposta voadaa de dobre cordón e pechase a cuberta do que sería o paso mediante unha bóveda trifolia abucinada. Pola cara interior, é dicir, cara ao claustro, a porta ocúltase detrás dun grande escudo de armas en granito, integrante da colección heráldica do MPL.

¹² Os perpiños superiores do enmarque están afectados por unha rozadura horizontal, de entre 8/10 cm de anchura, aberto no seu momento para a colocación dos cables eléctricos.

foron parar é cuestión que nos intriga, sobre todo, porque abondaba cun sinxelo picado dos voados das diferentes pezas para deixalas a pano e ocultar, no seu caso, o conxunto detrás dun recebo.

3.4. Unha nova colección de signos lapidarios

Queda anotado que temos un conxunto de perpiaños de variada lonxitude e rematados a escoda, que describe o enmarque superior dun arco que arrincaron (fig. 11), así como unha fiada de perpiaños, xunto ao contraforte, que lle serve de soporte esquinal ao muro. Nestes perpiaños, e entramos xa na cuestión dos signos lapidarios, atopamos gravadas doce inéditas marcas literarias de canteiros (fig. 12).

Estes, agrupados por tipoloxía, proporcionáronos o seguinte resultado:

3 (tres) S tombadas (fig. 13)

Aparecen gravadas no enmarque do arco. Teñen unha lonxitude duns 10 cm e unha altura de 6 cm, cun *ductus* de 1 cm. de anchura e medio de profundidade. A súa gravación é bastante tenue. Signos identificados cos números 1, 2, e 3 da correspondente figura 11.

1 (unha) S vertical e invertida (fig. 14)

Aparece gravada no enmarque, ao lado esquerdo. A súa altura é duns 10 cm. e a súa anchura de 6 cm Profundamente gravada, cun picado de case 1 cm e co trazo moi ancho (1,5 cm) Presenta uns remates angulosos ben perfilados. Número 4 da figura 11.

3 (tres) letras I. (fig. 15)

Dúas delas graváronse no enmarque, en cadanxeu perpiaño, un encima do outro, polo lado esquerdo. Con medidas similares, 10 de cm de altura e 6 cm de grosor nos extremos e 1,5 no vástago. O sistema de gravación é similar ao do grupo anterior, profundo e con agudos e angulosos remates. Números 5, 6 e 7.

3 (tres) letras T (fig. 16)

Aparecen únicamente na parte baixa da fiada de perpiaños apoiados no contraforte esquinal, perpiaños 3, 4 e 5, contados desde abaixo. Duns 7 cm de altura, cun pasador horizontal das mesmas dimensións. Parecen presentar ángulos insinuados nos remates. Números 8, 9, 10.

1 (unha) escuadra (fig. 17)

Na fiada do contraforte, inscrito no décimo perpiaño. Duns 6 cm de altura por outros tantos de anchura, con apertura cara á súa esquerda. Gravado tenuemente.

1 (un) signo moi parcialmente conservado. (fig. 18)

No perpiaño 14 da fiada recostado no contraforte. Practicamente desaparecido como consecuencia da rozadura dos tendido de cables. Só se aprecia unha especie de bucle que constituiría a parte superior do signo.

4. Conclusión

Velaquí expostos os resultados da actuación. Dunha parte, os previstos: o saneamento e mellora da parede, que agora é a única do claustro que loce desprovista de elementos encaixados, completamente continua e espida, salvo pola presenza dese enmarque, que constitúe un descubrimento inesperado. A súa conxunción suscita unha nova aproximación a este espazo. Contemplamos agora un novo elemento da vida monacal, da súas formas e fórmulas de devoción, que serven para completarmos a historia do convento de San Francisco na visita a este museo. E a maiores, a revalorización museográfica deste área, incrementando o seu valor intrínseco, dialogando de xeito activo coa colección de epigrafía romana que se sitúa na base do paramento leste do claustro do MPL.

5. Bibliografía

- ARRIBAS ARIAS, F., CUBA RODRÍGUEZ, X.R., REIGOSA CARREIRAS, A.; *Guía do Museo Provincial de Lugo*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2003.
- ARRIBAS ARIAS, F.; “El claustro de San Francisco, a pesar de ser de tradición románica, data del siglo XV” en *El Progreso* (25-XII-83).
- BUJÁN GARCÍA, J.M.; “Los franciscanos en Lugo. Centenario de su restauración” en *Lucensia* t. VII, nº 14. Lugo, 1995, páxs. 77-96.
- CABARCOS FERNÁNDEZ, I.; *Bases, fustes e capiteis. Catálogo de elementos columnarios medievais no Museo Provincial de Lugo*. Lugo, Deputación Provincial de Lugo, 2005.
- PÉREZ MARTÍNEZ, M.; “Arquitectura mendicante en Galicia: el ejemplo de San Francisco de Lugo”, separata de *Estudios Mindonienses*, n.º 12, 1996 páxs. 13-190.
-“El claustro del antiguo convento de S. Francisco de Lugo” en *Lucensia*, n.º 14, 1997, páxs. 41-63.
- VÁZQUEZ PARDO, E.; “El claustro del antiguo convento de San Francisco” *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Orense*. Tomo VI, n.º 136, xaneiro-febreiro 1921.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M.; “El claustro de San Francisco de Lugo”, *Boletín Auriense*, V, 1975, páxs. 339-341.
-“Nuevo edificio para el Museo Provincial”, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Histórico Artísticos de Lugo*, vol.4, n.º 33, 1950, Páxs. 236-238.
- VILLAAMIL Y CASTRO, J.; *Iglesia conventual de San Francisco de Lugo*, Lugo, Tip. de A. Villamarín, 1895.
- TRAPERO PARDO, J.; “Museo. Claustro de San Francisco, Monumento Nacional y atractivo principal do Museo”, *Lucus*, n.º 15, 1989, páxs. 39-42.
- VV.AA.; *O claustro franciscano do Museo Provincial de Lugo*. MPL. 2011
- VV.AA.; *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Ministerio de Cultura, tomo IV, 1980, páxs. 26-28.




Fig. 1. Posición xeral do Museo Provincial no recinto intramuros da cidade de Lugo




Fig. 2. Detalle do emprazamento topográfico do complexo museístico na trama urbana.




Fig. 3. Conxunto construtivo do antigo convento e as novas dependencias e ampliacións museísticas




Fig. 4. Plano de planta do claustro románico do convento de San Francisco de Lugo, actual sala 3 do Museo Provincial.



Fig. 5. Perspectiva xeral do claustro, bandas setentrional e oriental



Fig. 6. Sucesión de capas de morteiro na que se aprecian a diversidade de composicións, coloracións e tratamentos, dispuestas para o saneamento da parede.




Fig. 7. Lectura muraria dos elementos descubertos coa retirada do actual recheo na parede oriental do claustro.



Fig. 8. A esquina NE do claustro, cos elementos construtivos descuberto: a fiada apegada ao contrafrente á esquerda e o enmarque/arco á dereita, embutidos nun mesmo lenzo. Obsérvense as evidentes diferencias morfológicas das pezas e de morteiros entre este pano e o recheo interior do arco.



Fig. 9. Saimel esquierdo, no que se aprecia que picaron o seu voador. Resultan visíbeis os vestixios de enfuscado branco así como os restos de lucido negro. Debaixo un dos varios machinales localizados nesta parede. Poden verse tamén, ao remate dos perpiaños, as pegadas de extracción das pezas do arco.



Fig. 10. Restos de lucido e encintado nunha das pezas da parte esquerda do enmarque.




Fig. 11. Arco e fiada de perpiños laterais, con disposición dos signos lapidarios inéditos descubertos




Fig. 12. Signos lapidarios descubertos



Fig. 13. S Tumbada



Fig. 14. S Vertical



Fig. 15. Signo I



Fig. 16. Signo T




Fig. 17. Signo escuadra




Fig. 18. Signo bucle



Fig. 19. Dúas vistas xerais, co antes e o despois do saneamiento da parede e da posterior e consiguiente reforma museográfica.